

BASES REGULADORAS DOS OBRADOIROS CULTURAIS DO CONCELLO DE MUROS PARA O CURSO 2025/26

1. Datos xerais

1.1. Os obradoiros culturais nos que poden inscribirse as persoas interesadas para o curso 2025/26 son os seguintes:

PARROQUIA/LUGAR	ACTIVIDADE
Esteiro	Arte floral, bordado, encaixe de bolillos e traballos manuais
Tal	Bordado e traballos manuais
Abelleira	Bordado, encaixe de bolillos e traballos manuais
Torea	Traballos manuais
Serres	Bordado, encaixe de bolillos e traballos manuais
Muros	Arte floral, bordado, costura e encaixe de bolillos
	Gravado e pintura
	Teatro
	Traballos manuais
	Cociña
Louro	Bordado e traballos manuais
Trasdacosta	Bordado

1.2. Se existise unha alta demanda para participar nun obradoiro non incluído na relación inicial, valorarase a posibilidade de organizalo na parroquia onde se concentre o maior número de solicitudes.

1.3. As idades esixidas para participar nas actividades son:

A. Obradoiros culturais dirixidos a nenas/os:

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO
Teatro	Do 2018 ao 2014 (ambos incluídos)
Pintura	Do 2018 ao 2014 (ambos incluídos)

Os obradoiros culturais de teatro e pintura dirixidos a nenos e nenas poderanse axustar ás idades de corte en función da demanda existente, sempre dentro dos anos establecidos para participar, que van desde 2018 ata 2014. Este axuste permitirá garantir a formación de grupos equilibrados e unha mellor experiencia para as/os nenas/os participantes.

B. Obradoiros culturais dirixidos a mozas/os e persoas adultas:

ACTIVIDADE	ANO DE NACEMENTO
Teatro	2013 ou anteriores
Pintura	2013 ou anteriores
Traballos manuais, gravado e saberes tradicionais	2013 ou anteriores
Arte floral, bordado, cociña, costura e encaixe de bolillos	2011 ou anteriores

2. Prazos

PROCEDEMENTO	DATAS
Preinscrición	Do 8 de setembro ata as 14.00 h do 18 de setembro de 2025
Publicación dos horarios	22 de setembro de 2025
Matrícula	Do 23 ao 29 de setembro de 2025 (ambos incluídos)
Inicio das actividades	13 de outubro de 2025

3. Preinscrición: Do 8 de setembro ata as 14.00 h do 18 de setembro de 2025

3.1. Ábrese o prazo de preinscrición do 8 de setembro ao 18 de setembro.

Esta preinscrición é persoal e intransferible. A preinscrición farase nas oficinas da Centro Cultural e Xuvenil de Muros, por medio da sede electrónica do Concello de Muros ou cubrindo o seguinte formulario:

- Formulario de inscrición: <https://forms.gle/d1wKTSx5HaU8XFzB7>

No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

3.3. Só se formarán grupos que acaden un mínimo de 10 persoas inscritas.

3.4. As persoas inscritas en actividades que non formen grupo por non alcanzar o número mínimo poderán optar por outro grupo ou actividade.

3.5. Os obradoiros culturais que se constitúan, así como os seus horarios, publicaranse o 22 de setembro de 2025.

* *Excepción para o "Obradoiro de cociña"*: durante a preinscrición, as persoas solicitantes deberán indicar a súa preferencia para acudir ao obradoiro en quenda de mañá ou de tarde. Na medida do posible respectaranse estas preferencias, aínda que se favorecerá sempre o equilibrio no número de participantes por grupos.

4. Matrícula: Do 23 ao 29 de setembro de 2025 (ambos incluídos)

4.1. Para formalizar a matrícula, as persoas inscritas deberán consultar a constitución dos grupos e os seus horarios a través dos seguintes medios:

- No Centro Cultural e Xuvenil de Muros
- No 981 762 294
- Na páxina web do Concello de Muros: www.muros.gal

Unha vez consultada a información, poderá realizarse o ingreso da cota de 30,00 € por actividade e persoa no número de conta indicado. Este pagamento permitirá participar nos obradoiros nos que se prescribiu e se constituíran grupo.

4.2. Se despois de formalizar a matrícula algunha persoa non puidera asistir ás clases, non terá dereito á devolución da cota nin á substitución directa por outra persoa.

4.3. Non se poderá mudar de obradoiro unha vez iniciado.

5. Prazas vacantes: Do 27 ao 30 de outubro de 2025

5.1. Nos grupos que queden prazas libres poderán matricularse outras persoas do 27 ao 30 de outubro de 2025 no Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

6. Comezo das actividades

6.1. As actividades darán comezo a partir do luns 13 de outubro de 2025.

7. Outras condicións

7.1. No caso de excesiva demanda para algunha das actividades darase prioridade ás persoas empadroadas no Concello de Muros.

7.2. Respectaranse as medidas sanitarias, de seguridade e civismo establecidas en cada momento.


7.3. Calquera outra circunstancia relativa aos obradoiros culturais que non apareza nestas bases será tratada de xeito individual, previa presentación de solicitude da persoa interesada.

8. Tratamento de datos

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través desta convocatoria, así como a documentación achegada, serán incorporados a correspondente ao departamento deportes coa finalidade de xestionar a mesma.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local para levar a cabo a xestión administrativa que vostede nos solicita. Esta instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento" e no art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento da misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante esta convocatoria conservaranse durante o prazo necesario para a fin para a que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaóns legais que deriven do mesmo.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisión automatizadas nos termos previstos na lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Muros en Curro da Praza, 1, 15250 Muros (A Coruña) ou remitindo un correo a dpd@muros.gal. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@muros.gal ou consultando a política de privacidade na páxina web municipal <http://muros.gal/politica-de-privacidade/>.



Concello
de Muros